



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA
CELEBRADA O DÍA 4 DE FEBREIRO DE 2022**

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIROS/AS:

PSdeG-PSOE:

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D. José Fernando García Lesta.

D^a María Amparo García Pernas.

D. José Bello López.

D. José Manuel Blanco López.

D. Manuel Méndez Remeseiro.

PP:

D. Javier López Vázquez.

BNG:

D^a Beatriz Louro López.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 4 de febreiro de 2022, sendo as trece horas, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregóuselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 3 DE DECEMBRO DE 2021.

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión sinalada no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación da mesma, adoptándose o acordo por unanimidade dos membros presentes.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000001

2. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2022". ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

"PROPOSTA Ó PLENO

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2022". ACORDOS QUE PROCEDAN.

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2022" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2022", "achega provincial 2021" e "préstamo provincial 2022":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	185.352,53 €
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	0,00 €
Subtotal gasto corrente	185.352,53 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2022					



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000001

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total Concello	
ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
CAMIÑO DE CABRUI-LÍMITE BASCOI	74.118,55 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	74.118,55 €
CAMIÑO A CASANOVA (CABRUI)	30.564,72 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	30.564,72 €
CAMIÑO NA TIEIRA (CABRUI) E OUTRO	30.686,18 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	30.686,18 €
Subtotal investimentos achega provincial 2021	135.369,45 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	135.369,45 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C. Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	

D. Resumo:

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000001

A- GASTOS CORRENTES	Achega 2022	185.352,53 €				185.352,53 €
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)					
B- INVESTIMENTOS	Achega 2022					
	Achega 2021	135.369,45 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	135.369,45 €
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2022					
	Achega 2022	185.352,53 €				185.352,53 €
	Achega 2021	135.369,45 €				135.369,45 €
	Préstamo 2022					
	TOTAL	320.721,98 €				320.721,98 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)	IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)	Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) (C= A-B)
CAMIÑO DE AC-223 A BUSTO (VISANTOÑA)	81.533,35 €		
CAMIÑO CRUCE REGUEIRO-CRUCHE MOU (CABRUI)	47.206,49 €		
CAMIÑO PONTE CARBALLA A CRUCE SOUTELO (OLAS)	127.090,60 €		



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000001

TOTAIS	255.830,44 €		
--------	--------------	--	--



3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Mesía, na data da sinatura electrónica. Asdo. Mariano Iglesias Castro. Alcalde."

Manifesta o Sr. Alcalde que no POS deste ano hai tres achegas, cada unha polos importes que se indican na proposta. A do gasto corrente é inferior á do ano pasado e financia gasto en servizos obrigatorios como suministro de auga potable, rede de sumidoiros, alumeadado público, acceso a núcleos de poboación ou SOGAMA. A achega para investimentos financeiramente sostibles é tamén inferior á do pasado ano, e do importe total, sesenta e seis mil euros corresponden a baixas de licitacións municipais doutras obras. Nunca pedimos o préstamo provincial. Inclúense tamén tres proxectos para cumprimentar o plan complementario. De seguido o Sr. Alcalde explica o contido de cada un dos proxectos incluídos na proposta.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes, maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

3. POS+ ADICIONAL 1/2022 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS. "POS+ ADICIONAL 1/2022". ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

"PROPOSTA Ó PLENO

**POS+ADICIONAL 1/2022 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.
"POS+ADICIONAL 1/2022". ACORDOS QUE PROCEDAN.**



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000001

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2022" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ADICIONAL/2022	64.873,39 €
Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	64.873,39 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.			0,00 €
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais. As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.	10.000,00 €		10.000,00 €
c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas	48.000,00 €	2.000,00 €	46.000,00 €

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000001

<p>as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>			
<p>d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.</p>			0,00 €
<p>e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.</p>			0,00 €
<p>f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.</p>	3.000,00 €		3.000,00 €
<p>g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.</p>			0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	61.000,00 €	2.000,00 €	59.000,00 €
<p>h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.</p> <p>A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.</p>	4.500,02 €		4.500,02 €
<p>i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos os equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, ofimática etc).</p>	2.000,00 €		2.000,00 €



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000001

<i>A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.</i>			
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	6.500,02 €	0,00 €	6.500,02 €
TOTAL	67.500,02 €	2.000,00 €	65.500,02 €

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Mesía, na data da sinatura electrónica. Asdo. Mariano Iglesias Castro.”

Manifesta o Sr. Alcalde que o pasado ano, debido á situación do covid, a Deputación sacou este Plan extraordinario por importe de cento 129.000,00€, reducido este ano a 64.000,00€. No apartado b) inclúese emerxencia social, o apartado c) destínanse a cubrir a aportación municipal ao servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia, e aos servizos de fisioterapia e podoloxía a domicilio. No apartado f) un curso de alfabetización dixital para maiores, e nos apartados h) e i) investimentos para cama articulada, cadeira de baño, sillón podolóxico, grúa, arnés e unha partida de 2.000,00€ para equipos informáticos.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros presentes, maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

4. PROXECTO DENOMINADO “ACTIVIDADES A REALIZAR NO FUNCIONAMENTO DA AULA DA NATUREZA - MUSEO ETNOGRÁFICO DAS BRAÑAS DA VALGA. ANO 2022”. ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

PROXECTO DENOMINADO “ACTIVIDADES A REALIZAR NO FUNCIONAMENTO DA AULA DA NATUREZA - MUSEO ETNOGRÁFICO DAS BRAÑAS DA VALGA. ANO 2022”. ACORDOS QUE PROCEDAN.

Visto que este concello conta cunha Aula da Natureza - Museo Etnográfico e co seu contorno, sito nas Brañas da Valga - Visantoña, sendo un espazo natural, social e cultural que ofrece unha gran diversidade en todos os aspectos sinalados anteriormente. Este espazo é un referente importante na cultura e patrimonio da área metropolitana da Coruña e incluso acadou, polas súas características, a condición de único a nivel nacional, e tendo en conta ademais que se realizan visitas e actividades neste espazo poñendo en valor os recursos culturais e naturais existentes e contempla un uso educativo cara a formación de escolares no respecto ao medio ambiente e o seu coñecemento, achegándose a este lugar persoas provintes das zonas máis alonxadas da nosa xeografía galega e incluso doutras Comunidades Autónomas como é de Castela e León, sendo a maioría visitas de colexios e asociacións.

Vista a necesidade de manter o pulso vital do municipio a través do funcionamento continuado deste espazo e realizar así unha gran variedade de actividades dirixidas, cada día, á toda a poboación e que satisfagan non só a súa alternativa de ocio senón que se convertan nunha



forma de aprender.

Vista o proxecto denominado "Actividades a realizar no funcionamento da Aula da Natureza - Museo Etnográfico das Brañas da Valga. Ano 2022" cun orzamento total de 75.000,00 €.

De conformidade co artigo 22.2.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, proponse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o dito proxecto a realizar por un importe de 75.000,00 €.

Segundo.- Solicitar unha subvención á Deputación Provincial da Coruña do 80% do gasto total, 60.000,00 €.

Terceiro.- Designar ao Alcalde, don Mariano Iglesias Castro, con DNI 32767819H, para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Mesía, 1 de febreiro de 2022. Asdo.: Mariano Iglesias Castro. Alcalde."

Manifesta o Sr. Alcalde que temos esta subvención dende que estiven eu como deputado provincial, o que nos permite ter a tres persoas para a posta en valor das Brañas. Agora piden acordo plenario porque este ano parece que o van a incluír como subvención nominativa dentro do propio orzamento da Deputación.

Pregunta a Sra. Louro polo contido do proxecto, respostando o Sr. Alcalde que hai dous peóns para o mantemento do entorno e unha monitora para actividades. Tamén gastos de mantemento. Engade a Sra. Sánchez que este ano empezarán as visitas en marzo, xa que estiveron suspendidas polo covid. Sobre todo, teremos visitas de colexios. Tamén fanse obradoiros de barro para os que se contrata xente especializada. Conclúe o Sr. Alcalde sinalando que vai a incluírse nunha rede de museos vivos, un proxecto que inclúe visitas con cámaras.

Manifesta o Sr. López que Visantofia é algo máis que As Brañas. É un bo escaparate pero a idea xurdíu gobernando os populares e, no seu día, houbo xente en contra. Sinala o Sr. Alcalde que iso é de obrigado recoñecemento, pero comparando o seu estado dende que nós o collemos ao día de hoxe non se parece en nada. Manifesta a Sra. Sánchez que o proxecto en principio non tiña que ver co barro, senón coa auga, e en todo caso non se podería manter sen o convenio coa Deputación, sería unha ruina.

5. APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2022.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

**"PROPOSTA DA ALCALDÍA Ó CONCELLO PLENO.
APROBACION INICIAL ORZAMENTO 2022.**

Visto o Orzamento do Concello para o exercicio económico 2022 formado por esta Alcaldía, coas suas bases de execución, anexos preceptivos e documentación complementaria, e a plantilla de persoal para o exercicio 2022, de acordo co disposto no artigo 162 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia co artigo 18 do Real Decreto 500/1990 e a Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, e vistos os informes de estabilidade e de secretaría-intervención; propoño ó Pleno da Corporación a



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000001

adopción do seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar inicialmente, de conformidade co establecido no artigo 112 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no artigo 168 do texto refundido, o Orzamento Xeral do Concello de Mesía para o exercicio 2022, que inclúe as súas Bases de Execución e demais documentación preceptiva, e que presenta, como resumo por capítulos orzamentarios, o seguinte desglose. Conxuntamente apróbase inicialmente a plantilla de persoal correspondente o exercicio 2022.

INGRESOS, RESUMO POR CAPÍTULO		
A. OPERACIÓNS NON FINANCIERAS:		
1. OPERACIÓNS CORRENTES:		
CAPÍTULO I	IMPOSTOS DIRECTOS	459.400,00 €
CAPÍTULO II	IMPOSTOS INDIRECTOS	50.000,00 €
CAPÍTULO III	TAXAS E OUTROS INGRESOS	254.823,00 €
CAPÍTULO IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.353.480,67 €
CAPÍTULO V	INGRESOS PATRIMONIAIS	720,00 €
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		2.118.423,67 €
2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:		
CAPÍTULO VI	ENAXENACIÓN INVESTIMENTOS REAIS	0,00 €
CAPÍTULO VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	415.236,18€
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		415.236,18€
B. OPERACIÓNS FINANCIERAS:		
CAPÍTULO VIII	ACTIVOS FINANCIEROS	2.000,00 €
CAPÍTULO IX	PASIVOS FINANCIEROS	0,00 €
TOTAL ORZAMENTO INGRESOS		2.535.659,85 €

GASTOS, RESUMO POR CAPÍTULO		
A. OPERACIÓNS NON FINANCIERAS:		
1. OPERACIÓNS CORRENTES:		
CAPÍTULO I	GASTOS DE PERSONAL	933.820,89 €
CAPÍTULO II	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	915.446,99 €
CAPÍTULO III	GASTOS FINANCIEROS	2.000,00 €
CAPÍTULO IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	94.874,26 €
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		1.946.142,14 €
2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:		
CAPÍTULO VI	INVESTIMENTOS REAIS	587.517,71 €
CAPÍTULO VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		587.517,71 €
B. OPERACIÓNS FINANCIERAS:		
CAPÍTULO VIII	ACTIVOS FINANCIEROS	2.000,00 €
CAPÍTULO IX	PASIVOS FINANCIEROS	0,00 €
TOTAL ORZAMENTO GASTOS		2.535.659,85 €



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000001

PLANTILLA DE PERSOAL DO CONCELLO DE MESÍA

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Funcionarios	Nº de Prazas	Grupo	Escala o Sector	Nivel	Situación
Secretario- Interventor	1	A1/A2	HE	30/28	Propiedade
Administrativo	1	C1	A.Xeral	22	Propiedade
Administrativo	1	C1	A. Xeral	22	Propiedade
Subalerno	1	E	A.Xeral	14	Propiedade

B) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Denominación	Nº de Prazas	Vacantes
Técnico especialista en redes	1	0
Peón-condutor	2	0
Asistente domiciliaria	1	0
Encargada da limpeza	1	0
Limpadora	2	0
Conserxe do colexio	1	0
Peón	4	1
Auxiliar axuda a domicilio	12	0
Monitor deportivo	1	0
Monitor tempo libre	1	1
Traballadora social	1	0
Educadora familiar	1	0
Auxiliar servizos sociais	1	0
Técnico de emprego	1	0
Animador deportivo	1	0
Socorrista	2	2

Segundo.- Expoñer ao público o expediente e darlle a publicidade establecida no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publicando o pertinente anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, ós efectos de que no prazo dos quince días seguintes a súa publicación poidan examinalo os interesados e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.- O presente acordo entenderase aprobado definitivamente se durante o prazo de exposición ó público non se presentan reclamacións. Neste caso procederase a súa publicación, debidamente resumido por capítulos, no BOP. Si se presentasen reclamacións, serán resoltas polo Pleno

En Mesía, na data da sinatura electrónica.O ALCALDE,Asdo. Mariano Iglesias Castro”

Manifesta o Sr. Alcalde que o orzamento conta con todos os documentos legalmente esixibles. Cabe destacar que para este ano están suspendidas as regras fiscais. Está baseado na liquidación provisional do pasado ano, aínda que foi excepcional polo covid. En canto aos ingresos, o capítulo 1, lixeiramente superior aodo ano pasado, inclúe os impostos sobre bens inmoables, rústica e urbana, características especiais, vehículos e actividades. No capítulo 2 recóllese o imposto de obras. No capítulo 3, inferior ao ano pasado, recóllense os ingresos derivados de, entre outros, as taxas do PAI, recollida de lixo, expedición de licencias, servizo de axuda no fogar, podoloxía e fisioterapia, ou actividades culturais e deportivas. O capítulo 4, inferior ao ano pasado, recolle as achegas de entidades supramunicipais, incluíndo a



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000001

participación nos tributos do Estado, superior ao ano pasado si ben temos liquidacións pendentes doutros anos. Tamén inclúe o fondo de cooperación autonómico, igual que o ano pasado, así como outras subvencións da Xunta, tales como o plan concertado de servizos sociais, técnico de emprego, limpeza do CPI ou incendios. E tamén inclúe as subvencións da Deputación por importe de 419.000,00€, 94.000,00€ menos que o ano pasado, como técnico deportivo, socorristas, o gasto corrente e social do POS ou o financiamento de Brañas da Valga. O Estado aporta 498.000,00€, a Xunta 436.000,00€ e a Deputación 419.000,00€. No capítulo 5 contémplanse os ingresos de aluguer da vivenda do edificio da farmacia, xa non o local da propia farmacia.

O montante total dos ingresos correntes son suficientes para atender o gasto corrente, resultando que a diferenza é a cantidade destinada polo concello a inversión con fondos propios. As aportacións supramunicipais en subvencións de capital son: 415.000,00€, 383.000,00€ da Deputación e 32.000,00€ da Xunta. En total inferior ao ano pasado, xa que non temos a obra do IDAE de alumeadado público.

No capítulo 8 consígnanse 2.000,00 € para o caso de reintegro de anticipos ao persoal.

En total, o orzamento é un 7,5% menor que o do ano pasado, principalmente pola redución de transferencias de capital.

En canto aos gastos, o capítulo 1 comprende as retribucións de todo o persoal, catro funcionarios, trinta e cinco laborais e dous cargos con dedicación exclusiva. Contémplase os incrementos salariais legais Hai catro vacantes, dous socorristas, un monitor que se prevé, no seu caso, para o verán, e un peón para a época de desbroce. No capítulo 2 inclúese o gasto de funcionamento ordinario do concello, arrendamentos, aluguer de maquinaria, reparacións, materiais ou subministros, tales como alumeadado público, servizos informáticos, alarmas, ascensores, gasóleo, seguros, xestoría, abastecemento de auga, alcantarillado, SOGAMA, fisioterapia, podoloxía, abarcando tanto os gastos da casa consistorial como da casa da cultura, locais sociais e demais instalacións municipais. Tamén inclúe o gasto en maquinaria e vehículos municipais, así como o custe do PAI. No capítulo 3 recóllense os gastos financeiros, por prudencia para gastos bancarios, aínda que non se prevén operacións financeiras. O capítulo 4 é inferior ao ano pasado, o que ven motivado pola redución na subvención do POS extraordinario para gastos sociais. Inclúe este capítulo gastos de emerxencia social, xantar na casa, nacemento de fillo, a Mancomunidade de Ordes, así como as subvencións nominativas a entidades deportivas e a viaxe de fin de curso dos alumnos do último curso de 4º da ESO.

En canto aos investimentos do capítulo 6, a dotación é inferior á do ano pasado pola redución de aportacións supramunicipais. Inclúe unha partida para terreos de 40.000,00€, un depósito en Cumbraos, cofinanciado pola Deputación, que xa pedimos o ano pasado, as inversións do POS social de 6.000,00€, unha partida xenérica para infraestruturas deportivas de 14.000,00€, a anualidade do plan de mellora de camiños, os proxectos de camiños do POS, dos que xa falei neste pleno, e dúas partidas xenéricas de reposición de infraestruturas e de xestión do patrimonio. En total, os investimentos supoñen o 23% do orzamento, dos que o concello aporta 172.000,00€, a Deputación, 383.000,00€ e a Xunta 32.000,00€.

No capítulo 8, contémplanse 2.000,00 € para anticipos ao persoal.

Os orzamentos seguen as liñas destes anos, atendendo aos veciños. O concello xenera o 30% do total con recursos propios. Tratamos de que os orzamentos sexan realistas e así logramos xerar remanente de tesorería para facer obras, como fixemos o ano pasado. Somos un concello subsidiado, pero o orzamento adáptase ás nosas necesidades. Coidamos que é o mellor posible. Paso a palabra aos distintos grupos.

Toma a palabra a Sra. Louro, quen manifesta que, igual que xa dixemos o ano pasado, o concello de Mesía debe ser dos poucos concellos existentes nos que a Comisión de Contas non funciona tamén como Comisión de Facenda, o que demostra a falta de transparencia. Solicitamos que se lle de o carácter de Comisión permanente. Solicitamos dispoñer dos orzamentos con máis antelación e unha comparativa por partidas entre os orzamentos do ano e do precedente, reiteramos a necesidade dun centro de día, propio ou compartido, aínda que xa



sabemos que é costoso, e tamén subvencións para entidades sen ánimo de lucro para fomentar o asociacionismo e a realización de actividades. Cáles son os cometidos concretos do técnico especialista en redes. A qué se dedican os gastos de fomento de conciliación e os destinados á prevención da violencia de xénero.

Manifesta o Sr. López que está de acordo coa demanda do centro de día, tamén debería facerse unha senda peonil Cabrui- Mesía e Mesía - Xanceda. Ademais, aparte da negativa a que dispoña dun local e a unha asignación para os grupos municipais, hai partidas no orzamento de 7.000,00€ adicadas a prensa, a atencións protocolarias de 2.500,00€, a propaganda de 3.500,00€, dietas por 14.000,00€, locomoción, 29.000,00€. Para estes gastos parece que hai pero para outras cousas non hai.

Resposta o Sr. Alcalde que agradezo que pregunte polas miñas dietas porque son moi limitadas, nesa partida están incluídas as dietas do persoal, e só as traballadoras de axuda a domicilio supoñen máis de vinte mil euros. Os gastos de prensa son para periódicos, libros ou bases de datos. Vostede lee a prensa local, non creo que haxa moita publicidade nosa. En todo caso isto é unha previsión, non a execución real do orzamento. Xa recibín a súa queixa á Valedora do Pobo polo tema do local, e xa a contestei, supoño que lle darán traslado en breve.

En canto ao comentado pola Sra. Louro, respecto da Comisión, non imos facer dous plenos co orzamento, respecto da documentación comparativa do orzamento, coido que sí se lle remiteu, e si catro días non lle abundan para estudar o orzamento, como é o mesmo todos os anos, cada vez resultaralle máis sinxelo. Compartimos a necesidade do centro de día, pero pasa pola cooperación supramunicipal. En canto ás subvencións a asociacións sen ánimo de lucro xa dixen que tivemos que deixar de dalas porque as entidades non eran capaces de xustificalas, e aínda os equipos de fútbol teñen problemas para xustificar a súa. O técnico especialista en redes e D José Manuel Fariña, traballador municipal que está en rexistro e fai moitas labores, porque aquí o persoal ten que ser polifacético. Toma a palabra a Sra. Sánchez manifestando que gastanse doce mil euros nunha subvención para conciliación familiar fundamentalmente en campamentos que son gratuitos para os veciños. Noutros concellos a xente ten que pagar. Os cartos da violencia de xénero adícaranse a actividades e charlas nos colexios, aínda que non se pediu a subvención específica.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por nove votos a favor, correspondentes aos concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, e dous abstencións, correspondentes aos concelleiros presentes do PP e do BNG.

6. DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE DO CUARTO TRIMESTRE 2021, PREVISTO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

O Sr. Alcalde da conta do informe, do que o seu teor literal di:

"INFORME DE INTERVENCIÓN
Informe Morosidade cuarto trimestre 2021

Pagos realizados en el trimestre	Período medio pago (PMP) (días)	Pagos realizados en el trimestre			
		Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
		Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000001

Gastos en Bienes Corrientes y Servicios	6,92	574	321.769,99	0	0,00
20.- Arrendamientos y Cánones	8,04	4	1.265,41	0	0,00
21.- Reparación, Mantenimiento y Conservación	7,49	36	21.135,50	0	0,00
22.- Material, Suministro y Otros	6,88	534	299.369,08	0	0,00
23.- Indemnización por razón del servicio	0,00	0	0,00	0	0,00
24.- Gasto de Publicaciones	0,00	0	0,00	0	0,00
26.- Trabajos realizados por Instituciones s.f. de lucro	5,87	32	698.310,90	0	0,00
Inversiones reales	0,00	0	0,00	0	0,00
Otros pagos realizados por operaciones comerciales	0,00	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a Presupuesto	6,20	606	1.020.080,89	0	0,00
TOTAL					

Intereses de demora pagados en el trimestre	Intereses de demora pagados en el período	
	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bienes Corrientes y Servicios	0	0,00
Inversiones reales	0	0,00
Otros pagos realizados por operaciones comerciales	0	0,00
Pagos realizados pendientes de aplicar al presupuesto	0	0,00
TOTAL	0	0,00

Facturas o documentos justificativos pendientes de pago al final del trimestre	Período medio del pendiente de pago (PMPP) (días)	Pendiente de pago al final del trimestre			
		Dentro período legal pago a final del trimestre		Fuera período legal pago a final del trimestre	
		Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Gastos en Bienes Corrientes y Servicios	0,00	0	0,00	0	0,00
20.- Arrendamientos y Cánones	0,00	0	0,00	0	0,00
21.- Reparación, Mantenimiento y Conservación	0,00	0	0,00	0	0,00
22.- Material, Suministro y Otros	0,00	0	0,00	0	0,00
23.- Indemnización por razón del servicio	0,00	0	0,00	0	0,00
24.- Gasto de Publicaciones	0,00	0	0,00	0	0,00
26.- Trabajos realizados por Instituciones s.f. de lucro	0,00	0	0,00	0	0,00
Inversiones reales	0,00	0	0,00	0	0,00
Otros pagos realizados por operaciones comerciales	0,00	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a Presupuesto	0,00	0	0,00	0	0,00
TOTAL					

En Mesía, na data da sinatura electrónica.
O secretario-interventor, Asdo./ Eladio Bendaña Pardo”

Os concelleiros quedan enterados.

7. MOCIÓN DO BNG SOBRE A SITUACIÓN ACTUAL DO SECTOR LÁCTEO GALEGO.

O Sr. Alcalde pasa a palabra á Sra. Louro, quen da conta da moción que, de seguido, se transcribe:

“MOCIÓN SOBRE A SITUACIÓN ACTUAL DO SECTOR LÁCTEO GALEGO



Beatriz Louro López, concelleira/o do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Mesía, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno,

Exposición de motivos:

As 6.540 explotacións lácteas que aínda quedan neste País corren serio perigo de peche. Elas producen o 45% do leite de todo o Estado. Un produto de superior calidade, cun medio de produción baseado na superficie agraria que en boa medida sustenta a alimentación e dá espazo á cabana gandeira.

Aínda así, boa parte deste sector amosa unha dependencia perigosa dos insumos esóxenos que na volatilidade dos seus prezos, periodicamente, someten a duras probas a viabilidade destas explotacións. A esta volatilidade hai que sumar que nestes tempos a suba e abuso dos oligopolios das eléctricas e dos combustíbeis fan insostíbel a situación.

A lóxica do mercado debera traer unha suba compensatoria no prezo final do produto, para estes custes de produción. Tal suba, tímida, xa se deu, mais non repercutiu no/a produtor/a e seguimos igual.

A situación mantívose no tempo porque moitas explotacións teñen contratos anuais para pensos, electricidade e mesmo combustíbel, mais chegado o 1 de xaneiro o conto muda.

Todo isto acontece fronte á impasibilidade dos gobernos da Xunta e do Estado. O da Xunta coa súa teimosa negativa a actuar de árbitro ou intermediario "...o mercado manda..." "...a lei prohíbeo...". E o goberno do Estado lava as mans como Pilatos logo de facer unha burla de lei chamada da Cadea Alimentaria, aprobada polo Ministerio de Agricultura que, teoricamente, obriga a que os prezos en orixe dos alimentos se adapten ao que custa producilos". Claro que posta a obriga non establece mecanismos para fixar obxectivamente tales custes de produción.

O conto é serio pois a suba de materias primas como a solla, a colza, ou a fariña de millo, que subiron un 50% no último ano, os abonos de síntese, o gasóleo agrícola que pasou de 55 a 85 céntimos ou o recibo da luz, con incrementos de máis do 50% están a reducir a escasa marxe coa que traballaban as explotacións leiteiras. Nun cálculo serio estes elementos condicionan o 60% dos custes de produción, e estes móvense nun abano de 30 a 40 cts, polo que cun incremento dun 30% destes custes temos o litro de leite entre 5 e 8 cts máis caro. E non esquezamos que estamos a falar dun sector estratéxico para o conxunto de Galiza e que ve ameazado neste momento a súa viabilidade.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1-Instar á Xunta de Galiza a promover un Foro de encontro, debate e negociación, arbitrado e moderado pola Consellaría do Medio Rural, onde estean representados todos os actores da cadea de produción e obtención do leite e derivados: produtores/as, cooperativas, industria e especialmente a Distribución.

2-Demandar do goberno do Estado que no desenvolvemento da Lei da Cadea Alimentaria se dote aos sectores produtivos dunha ferramenta obxectiva que fixe uns custes de



producción de referencias vinculantes e obrigatorias.

Mesía, 30 de xaneiro de 2022

Beatriz Louro López, portavoz do BNG”

O Sr. Alcalde manifesta que o grupo de goberno está totalmente de acordo, especialmente sendo un concello eminentemente gandeiro.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete o acordo a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

8. MOCIÓN DO BNG PARA UNHA ATENCIÓN SANITARIA DE CALIDADE NO CONCELLO DE MESÍA

O Sr. Alcalde pasa a palabra á Sra. Louro, quen da conta da moción que, de seguido, se transcribe:

“MOCIÓN PARA UNHA ATENCIÓN SANITARIA DE CALIDADE NO CONCELLO DE MESÍA

O grupo municipal do BNG presenta, para o seu debate en Pleno, a seguinte moción para unha atención sanitaria de calidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pandemia puxo aínda máis de manifesto a falta de recursos en atención primaria, acumulados despois de anos de recortes. Nese contexto, o SERGAS optou pola consulta telefónica preferente, que se foi tornando case en exclusiva, coa conseguinte demora en diagnósticos, problemas nas persoas con doenzas crónicas, retrasos nas prestacións hospitalarias...

E, aínda que despois de reiteradas reclamacións, se vai recuperando a atención presencial, o certo é que seguen persistindo as deficiencias, nomeadamente no que fai ao persoal sanitario.

A carencia de persoal é evidente no concello de Mesía, onde a consulta pediátrica non se recuperou e tampouco o servizo de matrona, o que obriga ao desprazamento ao Centro de Saúde de Ordes. O Pleno do Concello, na reunión celebrada en xuño de 2021, acordou demandar á Consellería de Sanidade a reposición destes servizos, pero a demanda non tivo éxito e Mesía segue sen eles. A esta situación súmase a falta de persoal de enfermería no PAC de Ordes, onde os equipos están incompletos coa conseguinte dificultade para a unha atención de calidade.

Por todo o anterior, o grupo municipal do BNG propón ao Pleno o seguinte acordo para unha atención de sanitaria de calidade para o concello:

O concello de Mesía reitera á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e, en concreto, ao SERGAS a demanda de:

- A cobertura do servizo de matrona.*
- A reposición do servizo de atención pediátrica.*



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000001

O Concello de Mesía demanda así mesmo a incorporación de persoal de enfermería ao PAC de Ordes para cumprir coa necesidade e o compromiso da Consellería de ter equipos sanitarios completos.

Mesía, 30 de xaneiro de 2022

Beatriz Louro López, portavoz do BNG”

O Sr. Alcalde manifesta que o grupo de goberno está totalmente de acordo, sendo o sanitario un sector prioritario nestes momentos.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete o acordo a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

9. MOCIÓNS.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción.

Non habendo intervencións, pásase ao punto seguinte da orde do día.

10. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (DO 443 AO 490 DO ANO 2021 E DO 1 AO 16 DO 2022).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000001

RELACION DECRETOS DO 443 AO 490 DO ANO 2021			
N ^a DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
443	Economía e facenda	Execución do gasto 30/11/2021. Nóminas novembro 2021	30/11/2021
444	Organización e funcionamento	Convocatoria Sesión Pleno Ordinario 10/2021 do 03/12/2021	30/11/2021
445	Servizos sociais	Baixa usuario no SAF municipal	30/11/2021
446	Contratación	Adxudicación contrato menor obra Pista Ponte Feas (Mesía). Expte. CM 47/2021	01/12/2021
447	Economía e facenda	Liquidación SAF mes xullo 2021	01/12/2021
448	Servizos sociais	Alta usuario no SAF municipal	01/12/2021
449	Obras e urbanismo	Aprobación certificación obra CM 20/2021. Actuación de ampliación e mellora da Rede de abastecemento de auga en diversos puntos do termo municipal	02/12/2021
450	Obras e urbanismo	Corrección erro material Decreto 366/2021. Aprobación certificación 1ª obra Camiño Cruce de Vilar a Cova de Vales (Cabruí)	02/12/2021
451	Subvencións	Aprobación conta xustificativa subvención PMC 2021/2022. Anualidade 2021	02/12/2021
452	Persoal	Nomeamento monitora de tempo libre e constitución lista de espera	02/12/2021
453	Padrón de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón de Habitantes Municipal	02/12/2021
454	Axudas veciñais	Concesión axuda nacemento filla Aroa nada o 17/11/2021	03/12/2021
455	Organización e funcionamento	Convocatoria XGL ordinaria 27 do 09/12/2021	03/12/2021
456	Economía e facenda	Execución do gasto 03/12/2021	03/12/2021
457	Obras e urbanismo	Aprobación certificación obra CM 41/2021 - Cubrición do espazo exterior anexo a local social de Boado	10/12/2021
458	Servizos sociais	Aprobación liquidación prestación servizos PAI mes decembro 2021	10/12/2021
459	Subvencións	Aprobación conta xustificativa subvención Cubrición espazo exterior anexo local social de Boado	15/12/2021
460	Obras e urbanismo	Aprobación certificación segunda obra Acondicionamento núcleo de Busto	15/12/2021
461	Economía e facenda	Execución do gasto 16/12/2021	16/12/2021
462	Axudas veciñais	Concesión axudas transporte escolar curso 2021/2022	17/12/2021
463	Economía e facenda	Execución do gasto 17/12/2021. Nóminas extra decembro 2021	17/12/2021
464	Axudas veciñais	Concesión axuda nacemento fillo Lois nado o 26/11/2021	17/12/2021
465	Economía e facenda	Liquidación SAF mes agosto 2021	20/12/2021
466	Subvencións	Aprobación conta xustificativa subvención Limpeza CPI Xanceda	20/12/2021
467	Economía e facenda	Execución do gasto 21/12/2021	21/12/2021



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000001

RELACION DECRETOS DO 443 AO 490 DO ANO 2021			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
468	Organización e funcionamento	Convocatoria XGL ordinaria núm. 28 do 23/12/2021	21/12/2021
469	Economía e facenda	Execución do gasto a 22/12/2021	22/12/2021
470	Padrón de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón de Habitantes Municipal	22/12/2021
471	Economía e facenda	Devolución aval contrato servizos mantemento alumeadado municipal e instalacións eléctricas	23/12/2021
472	Obras e urbanismo	Aprobación certificación obra CM 26/2021 - Demolición vivenda tradicional e acondicionamento de parcela en Olas	23/12/2021
473	Axudas veciñais	Acordo concesión axudas equipamentos informáticos para alumnado curso 2021/2022	27/12/2021
474	Economía e facenda	Execución do gasto 27/12/2021	27/12/2021
475	Economía e facenda	Transferencia de crédito TC1/2021	27/12/2021
476	Economía e facenda	Transferencia de crédito XC 17/2021	27/12/2021
477	Servizos sociais	Baixa usuario SAF municipal	28/12/2021
478	Economía e facenda	Transferencia de crédito TC 2/2021	28/12/2021
479	Axudas veciñais	Concesión axuda de nacemento fillo Alex nado o 15/12/2021	29/12/2021
480	Axudas veciñais	Concesión axuda de nacemento fillo Moisés nado o 19/12/2021	29/12/2021
481	Economía e facenda	Prórroga orzamento 2021	29/12/2021
482	Economía e facenda	Execución do gasto 29/12/2021	29/12/2021
483	Economía e facenda	Transferencia de crédito TC 3/2021	30/12/2021
484	Economía e facenda	Devolución de ingresos indebidos das actividades	30/12/2021
485	Economía e facenda	Transferencia de crédito TC 4/2021	30/12/2021
486	Economía e facenda	Execución do gasto 30/12/2021. Nóminas decembro 2021	30/12/2021
487	Persoal	Prórroga contrato peón de xardinería.	30/12/2021
488	Padrón de Habitantes	Cambio de domicilio no Padrón de Habitantes Municipal	30/12/2021
489	Persoal	Prórroga contrato monitora de tempo libre.	30/12/2021
490	Economía e facenda	Execución do gasto 30/12/2021	30/12/2021

RELACION DECRETOS DO 1 AO 16 DO ANO 2022			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
1	Organización e funcionamento	Convocatoria XGL ordinaria núm. 1/2022 do 05/01/2022	03/01/2022

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000001

RELACION DECRETOS DO 1 AO 16 DO ANO 2022			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
2	Padrón de Habitantes	Alta cambio de residencia no Padrón de Habitantes Municipal	03/01/2022
3	Persoal	Recoñecemento 6º trienio funcionario Secretario-Interventor	12/01/2022
4	Padrón de Habitantes	Cambio de domicilio no Padrón de Habitantes Municipal	14/01/2022
5	Economía e facenda	Liquidación SAF setembro 2021	17/01/2022
6	Persoal	Nomeamento substituta educadora infantil PAI Os Camiños	17/01/2022
7	Persoal	Corrección erro material Decreto 6/2022	17/01/2022
8	Economía e facenda	Liquidación SAF mes outubro 2021	18/01/2022
9	Persoal	Aprobación bases e convocatoria do proceso selectivo para a contratación dun/ha traballador/a social e creación dunha bolsa de emprego	20/01/2022
10	Economía e facenda	Pago a xustificar 1/2022 e execución do gasto	21/01/2022
11	Organización e funcionamento	Convocatoria XGL ordinaria núm. 2 do 27/01/2022	25/01/2022
12	Subvencións	Solicitude subvención nominativa Actividades a realizar no funcionamento da aula da natureza - museo etnográfico das Brañas da Valga ano 2022	26/01/2022
13	Padrón de Habitantes	Alta cambio de residencia no Padrón de Habitantes Municipal	26/01/2022
14	Persoal	Modificación xornada laboral auxiliar de axuda no fogar	27/01/2022
15	Economía e facenda	Execución do gasto. Nóminas mes xaneiro 2021	31/01/2022
16	Subvencións	Acordo non división por lotes proxectos POS+2022	31/01/2022

Non habendo intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

11. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 25 DE NOVEMBRO, 9 E 23 DE DECEMBRO DE 2021 E 5 DE XANEIRO DE 2022.

Manifesta o Sr. Alcalde que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, por si alguén quere algunha aclaración ou manifestar o que estime oportuno.

Non manifestando nada ó respecto ningún concelleiro, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

12. ROGOS E PREGUNTAS.

Manifesta o Sr. López que ten unha pregunta por escrito que lle vai a entregar ao Sr. Alcalde. Recíbea o Sr. Alcalde, quen comenta que versa sobre a reforma laboral aprobada onte, sobre qué me parece en xeral e en particular, cómo afecta ao concello e ao persoal. Leereina



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2022/G010/000001

con detemento e xa lle contestarei.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as catorce horas e quince minutos, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,
D. Mariano Iglesias Castro.